CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

MARCO ESTRATÉXICO DO CONCELLO DE BETANZOS

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

1. INTRODUCIÓN

O actual modelo urbano enfróntase a desafíos de gran complexidade que afectan transversalmente ás dimensións sociais, económicas, territoriais e ambientais. Nun contexto global marcado pola aceleración do cambio climático, os procesos de urbanización crecente, a desigualdade territorial e a necesidade dun cambio de paradigma no uso dos recursos, as cidades sitúanse no epicentro das transformacións e das solucións. En España, máis do 80 % da poboación reside xa en contornas urbanas, unha porcentaxe que, segundo as previsións do Banco Mundial, ascenderá ata o 88 % no ano 2050. Esta evolución conleva consecuencias directas sobre os servizos públicos, as infraestruturas, o medio ambiente, a vivenda ou a mobilidade, e require unha resposta inmediata e planificada.

No caso concreto de Galicia, e máis especificamente no Concello de Betanzos, este contexto global adquire características propias. Como cidade intermedia cunha forte personalidade histórica, social e territorial, Betanzos debe facer fronte aos retos do futuro sen perder a súa identidade nin os valores do seu territorio. A súa realidade urbana, que combina un núcleo histórico singular, espazos naturais de elevado valor ecolóxico, un tecido produtivo diverso e áreas rurais con dinámicas demográficas regresivas, convértese nun escenario privilexiado pero tamén complexo, onde é imprescindible integrar criterios de sustentabilidade, cohesión social e eficiencia.

Neste marco, a Axenda Urbana Española (AUE) xorde como unha ferramenta estratéxica de primeira orde. Elaborada en consonancia coa Axenda 2030 das Nacións Unidas, a Nova Axenda Urbana (Hábitat III) e a Axenda Urbana da Unión Europea, a AUE propón unha nova maneira de pensar e planificar as cidades, desde unha visión integral e participativa. Lonxe de ser un documento normativo, a AUE configúrase como unha guía flexible e aberta, que recolle dez obxectivos estratéxicos, trinta obxectivos específicos e máis de duascentas liñas de actuación, dirixidas a todos os axentes implicados no desenvolvemento urbano: administracións públicas, empresas, entidades sociais e cidadanía.

A través deste enfoque, a Axenda Urbana ofrece un marco común para que vilas e cidades, con independencia do seu tamaño ou contexto, poidan elaborar Plans de Acción propios que lles permitan abordar os seus retos desde unha perspectiva transversal, sistémica e aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O ODS 11, centrado na creación de “cidades e comunidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes”, sintetiza o espírito desta axenda e serve como guía principal para moitas das actuacións propostas.

Para Betanzos, a adhesión á Axenda Urbana supón unha oportunidade estratéxica e un compromiso político, institucional e cidadán. A elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana de Betanzos parte dun proceso metodolóxico rigoroso, baseado en tres piares fundamentais: o diagnóstico da situación actual, a análise cuantitativa e cualitativa da realidade municipal e a identificación dos retos e liñas de actuación prioritarias a medio e longo prazo. Este proceso non só recolle o coñecemento técnico do persoal municipal e os instrumentos urbanísticos existentes, senón que incorpora tamén as dinámicas participativas, o coñecemento local e a análise de datos obxectivos.

A planificación urbana, neste novo contexto, debe asumir que o solo é un recurso escaso e que a cidade é un ecosistema no que conviven dimensións físicas, sociais e económicas interdependentes. A dispersión urbana, a fragmentación do territorio, a dependencia do vehículo privado, a perda de biodiversidade, a contaminación ou a crise climática son expresións dun modelo esgotado que cómpre reorientar. A cidade do

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

futuro será aquela que saiba adaptarse, mitigar os seus impactos, fomentar a proximidade, recuperar espazos públicos de calidade e garantir o acceso universal aos servizos básicos.

Neste sentido, a Axenda Urbana de Betanzos está chamada a ser un instrumento vivo e dinámico, en permanente revisión e adaptación, que permita mellorar a calidade de vida da cidadanía, conservar e valorizar o seu patrimonio natural e cultural, consolidar un modelo de gobernanza transversal e anticiparse aos retos que virán. Só cunha visión compartida, unha planificación coherente e unha acción coordinada será posible acadar unha cidade máis resiliente, inclusiva, eficiente e sostible.

2. MARCO ESTRATÉXICO SEGUNDO A AXENDA URBANA ESPAÑOLA

A metodoloxía descrita pola Axenda Urbana Española establece que, trala elaboración dun diagnóstico estratéxico da situación que identifique e analice os principais retos da cidade, débese afrontar a definición de Marco Estratéxico para o que a Axenda Urbana Española ofrece dez obxectivos principais:



Asociado a cada un dos obxectivos específicos, a Axenda Urbana Española define un amplo catálogo de liñas de actuación que achegan posibles alternativas para a consecución de cada un dos obxectivos propostos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

3. MARCO ESTRATÉXICO DO CONCELLO DE BETANZOS

ÍNDICE

OE1. Ordenación territorial e conservación do solo

OE2. Equilibrio urbano-rural

OE3. Cambio climático e resiliencia

OE4. Economía circular

OE5. Mobilidade sostible

OE6. Cohesión social

OE7. Economía local

OE8. Vivenda

OE9. Innovación dixital

OE10. Gobernanza

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

3.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

O marco estrutúrase arredor dos **dez obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española**, adaptados á realidade local de Betanzos:

OE 1. ORDENAR O TERRITORIO E FACER UN USO RACIONAL DO SOLO, CONSERVALO E PROTEXELO.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
1	Modelo de cidade compacta, multifuncional e resiliente	Aprobación definitiva do novo Plan Xeral de Ordenación
2	Modelo de cidade compacta, multifuncional e resiliente	Redución do solo urbanizable respecto das NNSS de 1996
3	Modelo de cidade compacta, multifuncional e resiliente	Incorporación de criterios de resiliencia climática
4	Reutilizar solos e edificacións en desuso antes de novos desenvolvementos. Programas de"espazos de oportunidade"	Inventario de solos e edificios infrautilizados
5	Potenciar a conexión cidade-natureza. Anel Verde e Azul de Betanzos	Creación dunha rede de corredores ecolóxicos e sendas peonís/ciclistas que conecten a cidade coa ría, o río Mandeo e as parroquias rurais.
6	Reforzar barrios rurais e reducir desigualdades territoriais.	Programa integral de mellora de servizos básicos (auga, saneamento, mobilidade e conectividade dixital) nas parroquias e barrios rurais.
7	Preservar solos agrarios de alta aptitude.	Delimitación de zonas de protección agraria
8	Preservar solos agrarios de alta aptitude.	Posta en marcha de hortas urbanas comunitarias
9	Preservar solos agrarios de alta aptitude.	Campañas de dinamización de mercados locais
10	Mellorar o coñecemento e a monotorización do territorio.	Creación dun sistema de indicadores para monotorizar o consumo de solo, a fragmentación territorial e o estado dos ecosistemas.
11	Conectar hábitats e reducir fragmentación.	Creación dunha rede de corredores verdes que conecten espazos naturais das parroquias coa ría e co núcleo urbano.
12	Preservar ecosistemas fluviais e costeiros.	Restauración de ribeiras
13	Preservar ecosistemas fluviais e costeiros.	Control de especies invasoras
14	Preservar ecosistemas fluviais e costeiros.	Programas de seguimento da calidade da auga
15	Conservar o patrimonio natural e protexer a paisaxe.	Posta en marcha de acordos de custodia con persoas propietarias privadas e colectivos sociais para conservar fincas de valor natural.
16	Preservar e recuperar o patrimonio arquitectónico.	Inventario de inmobles prioritarios
17	Preservar e recuperar o patrimonio arquitectónico.	Proxectos de rehabilitación piloto
18	Preservar e recuperar o patrimonio arquitectónico.	Programas de subvencións para persoas propietarias
19	Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural.	Rehabilitación no entorno do Pasatempo

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

OE 2. EVITAR A DISPERSIÓN URBANA E REVITALIZAR A CIDADE EXISTENTE.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
20	Revitalizar o centro histórico e reducir a expansión dispersa.	Posta en marcha de áreas de rehabilitación integral (ARI/ARRU)
21	Revitalizar o centro histórico e reducir a expansión dispersa.	Rehabilitación de 5 vivendas no período 2026-2030
22	Revitalizar o centro histórico e reducir a expansión dispersa.	Programas de apoio e incentivos para atraer nova poboación residente.
23	Recuperar locais comerciais e dinamizar a vida urbana.	Rehabilitación e transformación do Mercado Municipal nun espazo multifuncional que combine actividade comercial, usos culturais e función de encontro social.
24	Aumentar a oferta residencial no centro histórico.	Rehabilitación con estándares de sustentabilidade e accesibilidade
25	Aumentar a oferta residencial no centro histórico.	Promoción de vivenda pública en alugueiro

OE3. PREVIR E REDUCIR OS IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E MELLORAR A RESILIENCIA.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
26	Adaptar infraestruturas e reducir riscos naturais.	Elaboración do Plan Local de Adaptación
27	Adaptar infraestruturas e reducir riscos naturais.	Desenvolvemento de plans de emerxencia
28	Adaptar infraestruturas e reducir riscos naturais.	Creación de refuxios climáticos en espazos públicos
29	Mitigar riscos de inundación.	Instalación de SUDS (Sistemas Urbanos de Drenaxe Sostible) en barrios piloto
30	Mellorar resiliencia fronte ás ondas de calor.	- Adaptación de edificios municipais
31	Mellorar resiliencia fronte ás ondas de calor.	Incorporación de medidas de climatización sostible
32	Mellorar resiliencia fronte ás ondas de calor.	Sinalización e difusión á cidadanía
33	Optimizar e reducir o consumo de auga.	Campañas informativas en centros educativos, en medios locais e redes sociais sobre o uso responsable da auga
34	Optimizar e reducir o consumo de auga.	Obradoiros e visitas a instalacións de abastecemento e depuración para escolares e colectivos veciñais
35	Optimizar e reducir o consumo de auga.	Creación de materiais divulgativos con consellos prácticos de aforro

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

OE 4. FACER UNHA XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E FAVORECER A ECONOMÍA CIRCULAR.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
36	Fomentar renovables e autoconsumo.	Instalación dunha planta solar municipal no Carregal para autoconsumo e redución de emisións
37	Reducir residuos e aumentar reciclaxe.	Implantación dunha rede de composteiros comunitarios en barrios urbanos e parroquias rurais
38	Promover cultura de eficiencia e circularidade.	Creación dunha oficina municipal para asesorar a cidadanía e empresas en materia de enerxías renovables, eficiencia e economía circular.

OE5. FAVORECER A PROXIMIDADE E A MOBILIDADE SOSTIBLE.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
39	Fomentar desprazamentos a pé ou en bici.	Sendas peonís e ciclistas
40	Fomentar desprazamentos a pé ou en bici.	Mellora de sinalización e da seguridade viaria
41	Facilitar que o alumnado acceda aos centros escolares de forma autónoma e segura.	Construción de itinerarios peonís e ciclistas adaptados

OE 6. COHESIÓN SOCIAL E EQUIDADE.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
42	Promover unha cidade inclusiva, equitativa e cohesionada.	Servizos de apoio a familias en risco de exclusión
43	Promover unha cidade inclusiva, equitativa e cohesionada.	Acompañamento en procesos de inserción laboral e social
44	Redución de situacións de vulnerabilidade social	Servizos de atención domiciliaria ampliados
45	Redución de situacións de vulnerabilidade social	Creación de espazos comunitarios de encontro e actividades
46	Favorecer a integración laboral das persoas en risco de exclusión.	Creación dunha bolsa municipal de emprego
47	Favorecer a integración laboral das persoas en risco de exclusión.	Formación orientada a sectores con demanda laboral

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

OE 7. IMPULSAR E FAVORECER A ECONOMÍA URBANA.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
48	Potenciar a produtividade local.	Creación de espazos para persoas emprendedoras con servizos de mentorización, formación e acceso a financiamento inicial
49	Potenciar a produtividade local e a diversificación económica.	Mellora de accesos ao polígono de Piadela, sinalización e fibra óptica
50	Potenciar a produtividade local e a diversificación económica.	Mellora de escaparates dixitais
51	Potenciar a produtividade local e a diversificación económica.	Sistemas de pago intelixentes
52	Potenciar a xeración de emprego.	Desenvolvemento de rutas culturais, naturais e gastronómicas
53	Potenciar a xeración de emprego.	Aplicacións turísticas con realidade aumentada
54	Potenciar a xeración de emprego.	Promoción de produtos locais
55	Potenciar o emprendemento e a economía verde e circular.	Cursos e obradoiros de innovación agroalimentaria, agricultura de precisión e biotecnoloxía aplicada a alimentos
56	Potenciar o emprendemento e a economía verde e circular.	Apoio a investigación e ensaios clínicos
57	Potenciar o emprendemento e a economía verde e circular.	Eventos e feiras sectoriais para dar visibilidade ás empresas e atraer inversión

OE 8. GARANTIR UN ACCESO XUSTO Á VIVENDA.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
58	Rehabilitación e rexeneración urbana	Mellora de infraestruturas
59	Rehabilitación e rexeneración urbana	Creación de espazos públicos
60	Rehabilitación e rexeneración urbana	Recuperación de edificios
61	Mobilización de vivenda baleira	Intermediación entre persoas propietarias e demandantes de vivenda con garantías públicas. Parque municipal de vivenda social
62	Mobilización de vivenda baleira	Intermediación entre persoas propietarias e demandantes de vivenda con garantías públicas. Convenios con persoas propietarias
63	Mobilización de vivenda baleira	Intermediación entre propietarios e demandantes de vivenda con garantías públicas. Bonos de alugueiro accesibles

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BETANZOS

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

OE 9. LIDERAR E FOMENTAR A INNOVACIÓN DIXITAL.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
64	Incorporacióndas TIC á xestión urbana	Mellora e optimización da administración electrónica co obxectivo de facela eficiente**.**
65	Incorporación das TIC á xestión urbana	Actualización do portal de transparencia
66	Incorporación das TIC á xestión urbana	Campaña de formación e comunicación
67	Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar hacia o desenvolvemento de cidades intelixentes.	Uso de *chatbots* para a atención á clientela
68	Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar hacia o desenvolvemento de cidades intelixentes.	Sistema para a planificación de rutas

OE 10. MELLORAR OS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN E A GOBERNANZA.

Código	Obxectivo específico:	Acción/modelo/proxecto
69	Lograr un marco normativo actualizado e simplificado.	Elaboración dun protocolo institucional do Concello para un mellor desenvolvemento de eventos de carácter institucional
70	Asegurar a participación cidadá e a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel.	Implementación de dinámicas de participación na elaboración dos orzamentos municipais de acordo coas ordenanzas reguladoras aprobadas a tal efecto
71	Asegurar a participación cidadá e a transparencia.	Deseño dun plan de comunicación orientado a manter comunicada e informada a cidadanía.
72	Impulsar a capacitación local e mellorar a financiación.	Desenvolvemento dun programa de formación e capacitación continua en materia de ODS e nos obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española e orientado ao persoal municipal encargado da implementación do Plan de Acción da Axenda Urbana de Betanzos

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

Praza de Galicia, 1 15300 Betanzos, A Coruña
981 770 011
betanzos.es
sede.betanzos.gal
correo@betanzos.gal

3.3. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS DO MARCO ESTRATÉXICO

- Sostibilidade ambiental: redución da pegada ecolóxica e protección dos recursos naturais.

- Cohesión social: igualdade de oportunidades e inclusión de todos os colectivos.

- Innovación e dixitalización: aposta pola tecnoloxía ao servizo das persoas.

- Gobernanza aberta: transparencia, participación cidadá e cooperación interadministrativa.

- Identidade local: posta en valor do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico como motor de desenvolvemento.

3.4. HORIZONTE TEMPORAL E SEGUIMENTO

O plan de acción establece un horizonte ata 2030, cun seguimento continuo a través de indicadores específicos e revisións periódicas. O Concello de Betanzos actuará como eixo coordinador, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, entidades sociais, centros educativos e tecido económico local.

Betanzos, 13 de xullo de 2026

CVD: 3GIfZh7MHi4rJi19/tNp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).